



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

TURISMO COLABORA COMO SOCIO A TRAVÉS DO PROXECTO ULTREIA NO SEMINARIO INTERNACIONAL 'DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE GLOBAL' QUE SE CELEBRA ESTA SEMANA EN VALENÇA DO MINHO

- *A localidade portuguesa de Valença do Minho acolle os días 25, 26 e 27 o Seminario Internacional 'Desenvolvemento Turístico Sostible Global', que está incluído no proxecto Europeo Ultreia do que forma parte como xefe de fila a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo.*
- *Participan asemade a Fundación para o Desenvolvemento Comarcal de Santiago; o Conseil Général de la Manche, a Fáilte Ireland North West; a Cámara Municipal de Valença do Minho e a Diocese de Beja.*
- *O obxectivo do proxecto é promover o turismo sostible cultural, relixioso e patrimonial vinculado ás Rutas Marítimas e Interiores a Santiago de Compostela.*

Santiago, 24 de febreiro de 2010.- A partir de mañá xoves en Valença do Minho celébrase un Seminario Internacional baixo o título Desenvolvemento Turístico Sostible Global. O curso enmárcase dentro do proxecto Ultreia, do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional en colaboración co Espazo Atlántico, no que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, é xefe de fila. Neste proxecto participan tamén a Fundación para o Desenvolvemento Comarcal de Santiago; o Conseil Général de la Manche –da rexión francesa de La Manche-, a Fáilte Ireland North West –de Irlanda-; a Cámara Municipal de Valença do Minho e a Diocese de Beja –de Portugal-.

O obxectivo xeral do proxecto Ultreia é promover o turismo sostible cultural, relixioso e patrimonial vinculado ás Rutas Marítimas e Interiores a Santiago de Compostela. Este obxectivo acadarase a través de dous eixos fundamentais: a posta en marcha de Axendas 21 turísticas locais e a creación dunha rede de rexións atlánticas que desenvolva produtos turísticos nun marco atlántico cultural común vinculado ás peregrinacións marítimas e de interior a Compostela. Preténdese, xa que logo, desenvolver un turismo sostible contando coa participación da cidadanía dos territorios socios, así como con axentes sociais, turísticos, económicos e coas autoridades locais respectivas de forma que se responda ás necesidades específicas de cada territorio.

No seminario que se celebra esta semana abordarase a temática do desenvolvemento turístico sostible, haberá unha vídeo conferencia coa Reserva Natural do Conseil Général de la Manche, falarase da aplicación das políticas de desenvolvemento sostible en Irlanda e tamén de cal é o papel dos procesos da Axenda 21 para a sostenibilidade turística. A representante da Secretaría Xeral para o Turismo e mais a da Fundación Comarcal de Santiago farán unha comunicación conxunta. O seminario inclúe tamén unha visita de estudo na área de Porto dunha axenda 21 xa implementada. Os asistentes poderán comprobar in situ como tivo lugar esa implantación e as vantaxes que isto lle aportou ao territorio. Ademais estarán presentes diferentes representantes doutras localidades do Espazo Atlántico que en breve farán realidade nos seus territorios a implantación da Axenda 21 Turística Local.



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nestes momentos, os socios traballan de forma conxunta e coordinada para realizar e pór en marcha a web www.tur-ultreia.eu, que é principal ferramenta de comunicación e difusión do mesmo.

Con iniciativas como o proxecto Ultreia preténdese desenvolver un turismo sostible contando coa participación da cidadanía dos territorios socios, así como con axentes sociais, turísticos, económicos e coas autoridades locais respectivas de forma que se responda ás necesidades específicas de cada territorio. O importe global do proxecto, no que participan seis socios ascende a 1.365.465 euros, dos que o 65% está financiado por fondos FEDER – 887.551 euros-.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO